

Níveis de organización nos animais

No día realizamos unha chea de actividades. Pensa, por exemplo, en todo o que fas ti: móveste, falas, estudas, respiras, medras, o teu corazón latexa continuamente...

Todas estas actividades requiren que leves unha boa [] para obter a **materia e a enerxía** que precisas; igual ca o resto dos animais, para poder levar a cabo as funcións vitais de **nutrición, relación e reprodución**.


Agora ben, os animais somos seres vivos [] (alimentarnos doutros organismos) xa que **non somos quen** de fabricar o noso propio alimento. Conseguir alimento pode ser difícil. Os animais somos quen de detectar cambios no medio que nos rodea e de desprazarnos activamente na súa procura.

Ao igual que as plantas, os animais somos seres vivos [] que temos diferentes niveis de organización. **A parte máis pequena con vida** na que podemos dividir un animal é a []. Cada unha delas **nútrese, relaciónase e divídese**. As células **organízanse** para formar [] que, á súa vez, forman os [], que son os que constitúen os [] e [] do corpo do animal.

Os reinos. Antes de ver os niveis de organización e as funcións que desenvolven os animais debemos saber **que son os animais** e que os diferencia dos reinos das **plantas**, dos **fungos**, **moneras** e **protistas**.

A célula animal

A célula animal é un tipo de **célula** [], (con núcleo) e constitúe a unidade anatómica e fisiolóxica máis pequena, capaz de realizar as funcións vitais, orixinada nun animal. Ao igual que as células [], as animais teñen un núcleo ben definido, citoplasma, algúns orgánulos comúns e membrana plasmática. Non obstante, diferéncianse en que as células [] non teñen cloroplastos nin parede celular.



1. []; 2. []. As células obsérvanse co microscopio.

As células animais están formadas por:

- [] : é unha envoltura fina que rodea á célula, e intercambia substancias co medio que a rodea.
- [] : é todo o que está entre o núcleo e a membrana plasmática. Inclúe un líquido viscoso denominado citosol e os orgánulos.
- [] : son estruturas no citoplasma con distintas funcións. Destaca o [], que está delimitado por unha membrana e contén a información que controla o funcionamento celular.

TEMA 2. Os animais


Así é a estrutura básica da célula animal, mais as células diferéncianse en formas e funcións características. Por iso dentro dun mesmo animal atoparemos distintos tipos de células.

Os tecidos animais

Os tecidos son un conxunto de que se agrupan para realizar **unha mesma función**.

Os tecidos dos animais agrúpanse en:

- ▣ **Tecido** , formado por células que se unen estreitamente para **recubrir superficies** corporais internas, como os vasos sanguíneos, ou externas, como a pel.
- ▣ **Tecido** , ten unha función de **soporte**, que dá forma ás estruturas corporais e aos órganos, ao mesmo tempo que os protexe, os cohesiona e os illa. (carne, ósos, cartilaxes, unllas)
- ▣ **Tecido** , formado por células que teñen a **capacidade de contraerse** e permiten o movemento de órganos e do propio animal. Aparece, por exemplo, nos músculos, no estómago e no corazón.
- ▣ **Tecido** , especializado en **procesar información**.




Os órganos nos animais

Un órgano está formado por un grupo de que funcionan de modo coordinado para realizar unha función. Así, por exemplo, o corazón bombea o sangue e os ovarios producen gametos.

Aparatos e sistemas nos animais

Algunhas das funcións que realizan os animais son moi complexas, polo que requiren que varios se asocien para desenvolveselas.

Desta maneira aparecen os aparatos e , que son un grupo de órganos que se asocian para realizar una tarefa común. Exemplos son o circulatorio ou o reprodutor.



Created by Mr Ivan
ivanchoate@gmail.com
Escola Pública Galega
Ribeira do Sar